

# VERÉMONOS AXIÑA

Ola a tod@s:

Esta semana toca repasar as sumas e as restas. Para iso imos temos varias opcións; crear unha plantilla, empregar unha caixa dos ovos baleira, unha caixa de bombóns,...



Unha vez que temos a caixa ou plantilla precisamos 2 dados de diferente cor.

Chegou a hora de buscar diferentes obxectos que teñamos pola casa e xa estamos listos para empezar!



Unha cousiña moi importante debes lembrar!!!. Para sumar temos que engadir e para restar temos que sacar.

Exemplo de SUMAS:



Os máis traballadores podedes facer unha máquina de sumar como a do exemplo:



As bases dos vasos teñen que estar abertas.



Exemplo de RESTAS:

Nas restas lembra que hai que quitar. Tes que buscar o dado que teña o número máis alto e sacarlle a cantidade que indique o dado que teña o número máis pequeno. Se che sae nun dado 5 e noutro 3, ten que ser  $5 - 3$  a resta que debes facer.



O número 5 é máis grande que o número 3. A 3 non lle podes sacar 5!!!




$$5 - 3 = 2$$



**RECURSOS EDUCATIVOS:**

<https://youtu.be/VjV5MBaenYU?list=PLDhI3xyocFF8MVq0HkymJW4Ea2sFchX6T>

Podemos empregar a máquina da suma para traballar a lectoescritura. Podemos xogar a construír frases oralmente. Metemos unha palabra en cada vaso e temos que xuntalas e inventar unha frase coas dúas palabras.



EXEMPLO: MARY TEN NA **CASA** UN **LEÓN** DE XOGUETE.

Ao final deste documento hai unhas fichas: sumas para practicar coa vosa máquina, de trazo (letras y e ) e un laberinto.

Un saúdo e que pasedes unha boa semana. Moitos ánimo e unha aperta moi grande.



# MÚSICA E PSICOMOTRICIDADE

Que tal foi esta semana peques? Espero que moi ben, esta vez preparádevos para algo novo e diferente. Preparados, listos, XA!

- <https://youtu.be/EfOgpN0ZQgk> Percusión corporal coa 5ª contradanza de Beethoven. Idea de “@mjpedagogiamusical”.
- <https://youtu.be/qmt4jPwulOc> E non podía faltar o noso novo reto.

Se non conseguides entrar polos enlaces que adxuntamos, podedes buscar en youtube:

- Música 4 leoteca.
- Reto 4 leoteca

Moito ánimo e moitos moitos bicos!

UNE CADA COELLIÑO COA SUMA QUE LLE CORRESPONDE

$4 + 6 =$

$3 + 4 =$

$3 + 2 =$

$2 + 1 =$

$7 + 2 =$

$4 + 4 =$

5


10

7

8

3


9






4

Pipo quiere comer. Su dueño le ha dejado un sabroso hueso. Enséñale como llegar hasta su comedero.








Rodea la **k**

Dibuja algo que empiece por **k**




koala

kiwi

koala

kiwi





Rodea la **y**



yogur



yoyó



Dibuja algo que empiece por **y**

